

VIEIROS

Edición xeral

"Eu fixen versos como podía ter feito canastas"

Xosé Manuel Millán Otero preséntanos un texto sobre a vida de Ramón Cabanillas.

- 15:55 10/11/1999

In memoriam, Ramón Cabanillas (1959-1999)

Hai onte corenta anos morría na súa casa de Cambados Ramón Cabanillas Enríquez (1876-1959), un dos máis notables poetas galegos deste século. O líder agrarista Basilio Álvarez declaráralo en 1913 como sucesor de Curros; uns anos despois, Antón Vilar Ponte bautizáralo como "o poeta da Raza". Na época das Irmandades, entre 1916 e 1931, Cabanillas foi a voz poética por excelencia do segundo rexurdimento galego, a síntese superadora de canto había de arte e emoción nos poetas do XIX coas tendencias postsimbolistas da Europa entre dous séculos. Franciscano, humilde e retranqueiro, o poeta pouco antes de morrer facía exame de conciencia ante diversos interlocutores e valorando o conxunto da súa obra afirmaba: "eu fixen poesías como puiden ter feito canastas" ou "eu non nacín para poeta, senón para secretario do concello". Quen así falaba levaba ás costas unha vida entregada por completo á poesía e a Galiza, o honor de ser o noso primeiro escritor monolingüe e a obra máis extensa e plural ata entón coñecida.

Fillo de caseiro e criada de pazo, seminarista retirado, escribán, pai de familia numerosa e un pouco dandi e bohemio, a vida de Cabanillas está marcada por dependencias e renuncias. Vinculado ao poder caciquil de Cambados, un xesto de rebeldía republicana e agrarista entre 1907 e 1910 obrígao a cambiar de aires e buscar na Habana a fortuna que a terra lle ía negando aos poucos. Cando regresa en 1915, pobre como partira, con dous libros ao lombo, aínda antiseñorial e xa galeguista, comeza a longa marcha dun poeta que para poder seguir rosmando versos terá que someterse aos máis estraños e ás veces humillantes pactos co poder de turno.

Pactará co marqués de Riestra, amo e señor de Pontevedra, quen tal vez provocou o seu exilio de 1910 e a quen en escarmento Cabanillas promete levar os fillos "a escupir sobre a terra en que apodrezas". Consegue así o posto de secretario no concello de Mos e sustento para a súa longa prole ata 1920. Unha virada da sorte lévao por dous anos a Madrid da man do deputado conservador Leonardo Rodríguez. Morto este, Cabanillas regresa a refuxiarse no mecenato benfeitor de Paz Andrade, facendose cargo da contabilidade do xornal Galicia, e sobre todo de D. Enrique Peinador, dono do balneario de Mondariz, para quen actúa a modo de animador cultural.

A segunda metade dos anos 20 é tempo de glorias, e máis renuncias. Académico da galega desde 1920, en 1926 é nomeado xuntamente con Armando Cotarelo Valledor para cubrir un asento de "cupos" na Real Academia Española. A dictadura de Primo de Rivera facíase perdoar a súa inclemencia recoñecendo as

linguas rexionais; os galeguistas, tan pragmáticos como ilusos, opinaron que menos daba unha pedra. Cabanillas recibe o recoñecemento do mundo oficial e unha pensión vitalicia das deputacións galegas: en correspondencia, padecerá ominosas homenaxes como a que en maio de 1927 se lle tributa no García Barbón de Vigo, oficiando como mestres de cerimonia dous próceres do réxime: Viondi e Rodríguez de Viguri. Os galeguistas calan e desculpan.

Nos anos seguintes, D. Ramón é o máis asiduo entre os académicos. Non por especial dedicación; simplemente porque a Academia era unha segura fonte de ingresos. Coa República e as eleccións Constituíntes, Cabanillas dá o seu derradeiro paso á fronte na política, presentándose á par de Castelao e Paz Andrade na candidatura de minorías. Non sae elixido, e conforme avanza o furor republicano, o poeta vai distanciándose do galeguismo organizado. En 1933 o alonxamento roza o divorcio cando o goberno radical-conservador cedista o nomea Vocal do Consejo Nacional de Cultura.

O golpe militar do 36 pílloa en Madrid. Acompañando máis a Academia do que á República, marcha a Valencia e en 1937 regresa a Cambados para sobrevivir o horror e á destrución de todo aquilo polo que loitara. Acabada a guerra, conciliando ao seu pesar coa barbarie, percorre un peculiar via-crucis como secretario interino dos concellos de Silleda, Moaña, Meis, Dozón... Tiña sesenta e cinco anos e a amargura da derrota, o que non lle impoide que, plenamente nómada, entre Cambados, Samos, Madrid e Baracaldo, onde residía unha das fillas, siga soñando a restauración da patria e traballando por cicelar un idioma de novo silenciado.

Católico fervoroso, liberal-conservador-progresista, entusiasta e claudicante, resignadamente terco e leal a unha misión que non precisaba de autos de fe para ser sincera, Ramón Cabanillas pasou pola vida contradictorio, paradoxal, humano e, por riba de todo, galego. Manuel Murguía saudaba en 1912 No desterro resaltando a súa paixón pasiva. Foi sempre fiel a esa divisa.

Xosé M. Millán Otero